Coñecendo Word XP: Identificar os elementos que compoñen a ventá inicial. Utilizar a barra de menú e as súas distintas opcións. Coñecer a utilidade e versatilidade da barra de ferramentas. Traballar co novo panel de tarefas.

O meu primeiro documento: Escribir un texto con Word XP. Imprimir un documento. Gardar un documento. Pechar e abrir un arquivo.

Aplicando formatos: Aplicar distintas fontes, tamaños, cores, etc., ao texto. Dar formato aos parágrafos. Utilizar os tabuladores. Aplicar a numeración e as viñetas.

Edición de textos: Cortar, Copiar e Pegar bloques de texto. Aproveitar as funcionalidades do novo portapapeis. Buscar e substituír textos. Utilizar as ferramentas de ortografía gramática e sinónimos.

Presentación das páxinas: Inserir Páxinas. Configurar as marxes dun documento o tamaño de papel e o deseño de páxinas. Engadir bordes a unha páxina. Colocar o número da páxina e outros datos nos encabezados e pes de páxina dos nosos documentos.

Convocatoria:

Resolución do 21 de setembro de 2010 (DOG nº190, do 01 de outubro de 2010).

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

OPENOFFICE CALC BÁSICO. FX10018

Obxectivos:

Realizar unha aproximación ao funcionamento teórico-práctico da folla de cálculo no software libre.

Destinatarios:

Funcionarios dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 20 de outubro ao 20 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

Introdución e modificación de valores.

Utilización e deseño de fórmulas.

Funcións.

Gráficos.

Xestión de datos.

Convocatoria:

Resolución do 21 de setembro de 2010 (DOG nº190, do 01 de outubro de 2010).

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

CERTIFICADO DIXITAL. FX10019

Obxectivos:

O Certificado de Usuario é un documento dixital que lle permite identificarse na Internet e intercambiar información. Permitíralle realizar trámites dun xeito seguro coa Administración Pública a través da rede. Neste curso veranse os servizos dispoñibles para a súa utilización coa certificación dixital. Saber en que consiste o proxecto CERES e os seus obxectivos, ademais de aprender a utilizar un certificado dixital.

Destinatarios:

Funcionarios dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 25 de outubro ao 25 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

- 1: Que é a certificación dixital?
- 2: Obtención do certificado dixital
- 3: Servizos telemáticos e renovación
- 4: Modificación dos datos persoais e comprobacións
- 5: Atención aos usuarios e revogación

Convocatoria:

Resolución do 21 de setembro de 2010 (DOG nº190, do 01 de outubro de 2010).

ACTIVIDADES PARA A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

CURSO BÁSICO DE PROTECCIÓN DE DATOS. FX10020

Obxectivos:

Adquirir coñecementos de índole legal sobre a protección de datos de carácter persoal, de modo que o alumno poida desenvolver nas empresas intervencións que garantan a privacidade destes datos.

Destinatarios:

Funcionarios dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 20 de outubro ao 20 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

1. Introducción á Lei Orgánica de Protección de Datos de carácter persoal (LOPD)
2. A LOPD e a LORTAD
3. Ámbito da LOPD
4. O consentimento
5. Dereitos outorgados aos titulares de datos persoais
6. Comunicación e cesión de datos a terceiros
7. Pasos a seguir para cumprir a LOPD
8. Tipos de infraccións, as súas sancións e a súa prescrición
9. Estrutura da Lei e os seus títulos
10. A seguridade dos datos
11. Casos prácticos de aplicación da LOPD

Convocatoria:

Resolución do 21 de setembro de 2010 (DOG nº190, do 01 de outubro de 2010).

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

A PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA. PU10001

Descrición:

O obxectivo desta xornada é mellorar o coñecemento sobre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, os seus obxectivos, prioridades e actividade realizada, así como acadar un maior grao de coordinación coa actuación urbanística dos concellos integrados nela.

Programa:

1. Os mecanismos de control preventivo. A licenza urbanística municipal. A autorización urbanística autonómica para usos en solo rústico. A inspección e vixilancia urbanística.
2. A investigación de ilícitos urbanísticos.
3. A acción de reposición da legalidade urbanística por obras sen licenza urbanística ou sen autorización autonómica. A execución das ordes de demolición.
4. As infraccións urbanísticas. Persoas responsables. Sancións.
5. A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Natureza xurídica. Integración dos concellos. Funcións. Estrutura organizativa.
6. O plan de inspección urbanística para o ano 2010. Obxectivos. Actuacións prioritarias.
7. A disciplina urbanística.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 29 de xaneiro

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

ESTRUTURA E CONTIDO DA MEMORIA DA ANÁLISE DO IMPACTO NORMATIVO PARA A DEFENSA DA COMPETENCIA. PU10004

Descrición:

A competencia é un proceso básico para o desenvolvemento económico de calquera sociedade, xa que contribúe a incrementar eficiencia do sistema produtivo. Esta eficiencia trasládase aos consumidores en forma de menores prezos o aumento da cantidade, calidade e variedade dos produtos. O labor de promoción da competencia fai referencia a todas aquelas actuacións orientadas ao fomento dunha contorna competitiva mediante o recurso a mecanismos non coactivos. Unha alternativa relevante da política de promoción da competencia é o control dos proxectos normativos, xa que en ocasións sucede que é a propia actuación dos poderes públicos a que introduce distorsións na competencia nos mercados. A partir desta idea estanse a establecer sistemas de avaliación dos proxectos normativos inspirados nos criterios e procedementos propostos pola OCDE.

Programa:

- Promoción da Competencia e Administracións Públicas
- Regulación e competencia. Experiencia de Andalucía

Desenvolvemento:

Duración: 2 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 19 de febreiro

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

PAISAXE CON CIDADE AO FONDO. CULTURA, PATRIMONIO E ADMINISTRACIÓN. PU10010

Descrición:

O obxectivo destas xornadas é reflexionar e debater en torno ás sinerxías que xorden na administración, o patrimonio cultural e o seu aproveitamento dentro dun marco tan significativo para Galicia como é a cidade histórica. Abordarase desde as perspectivas urbanística, patrimonial, arquitectónica e histórico-artística.

Programa:

1. Santiago de Compostela, á fin do Camiño.
2. Memoria e patrimonio. A súa permanencia como reclamo turístico.
3. Iconografía urbana. A imaxe da cidade histórica en Galicia a través da plástica do século XX.
4. A Real Fundación de Toledo.
5. Urbanismo, ordenación do territorio e patrimonio cultural.
6. A cidade histórica no marco xurídico galego.
7. De cara a unha nova lexislación sobre patrimonio.
8. Rutas, fortalezas e cidades. O singular caso do Marrocos.
9. A lexitimidade dun encontro. A definición dunha identidade visual para a cidade histórica.
10. Permanencia e renovación urbanas. O caso de Santiago de Compostela.
11. Diálogos urbanos entre a historia e a modernidade.
12. A nova arquitectura na paisaxe urbana da cidade histórica galega.
13. A igrexa e a configuración do seu novo patrimonio arquitectónico.
14. Cáceres. Un proxecto de capitalidade cultural para o 2016.
15. A Torre de Hércules. Un expediente para a súa declaración como Patrimonio da Humanidade.
16. Centro histórico e sustentabilidade.
17. Patrimonio, paisaxe e sustentabilidade.

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 13, 21 e 28 de abril; e 5, 11 e 19 de maio

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. PU10024

Descrición:

Proporcionar unha visión comparada da ordenación local e dos modelos de organización municipal no ámbito europeo, nacional e autonómico con presenza de destacados representantes da Administración e da universidade.

Programa:

- A Administración Local en España: Especial referencia ao caso galego.
- A Administración Local en Italia: procesos de reorganización
- A Administración local: modelos de organización territorial en Francia
- A Administración Local en Alemaña
- A organización da Administración Local en España: problemas e perspectivas de futuro
- Experiencias de reforma do territorio local: do diagnóstico á acción. Unha experiencia particular na comarca do Deza.
- Poder Local no Reino Unido
- A ordenación territorial no ámbito local en Portugal.
- A estrutura territorial da Administración Local en Galicia: perspectivas de futuro
- Mesa redonda: Problemática da Administración Local en la Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 11 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 10 e 11 de maio

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

A REFORMA DA LEI DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA DE GALICIA. PU10012

Descrición:

A recente promulgación da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que entrou en vigor o 21 de abril do presente ano, fai preciso unha actividade de divulgación das importantes invocacións normativas que introduce. En primeiro lugar, as reformas en materia de aprobación de plans urbanísticos, coas maiores competencias municipais, a simplificación de trámites e o acurtamento dos prazos, o que levará consigo unha maior flexibilidade e axilidade neste ámbito. En segundo lugar, e conforme ás prescricións da normativa comunitaria, o procedemento de avaliación ambiental estratéxica pasa a formar parte do contido dos instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico, que ven reforzados os seus aspectos ambientais. En terceiro lugar dótase dun novo estatuto ó solo rústico e do núcleo rural a efectos de lograr unha maior eficacia na súa xestión. Por último articúlase unha serie de medidas que pretenden dotar de maior seguridade xurídica e estabilidade o tráfico inmobiliario, en especial en materia de edificios fora de ordenación, e de determinadas tipoloxías de edificacións sen licenza.

Programa:

- A Lei 2/2010 de reforma da LOUGA: un lugar para o encontro
- Principios e bases da reforma operada pola Lei 2/2010
- Innovacións en materia de planeamento e avaliación ambiental
- O estatuto xurídico do solo rústico e do solo do núcleo rural trala Lei 2/2010
- A reposición da legalidade urbanística na Lei 2/2010

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 4 de maio

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

A REFORMA DA LEI DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA DE GALICIA. PU10017

Descrición:

O pasado día 4 tivo lugar a celebración dunha Xornada sobre a reforma da Lei de Ordenación Urbanística de Galicia realizada en Santiago de Compostela. Debido ao interese suscitado por esta, a Escola Galega de Administración Pública en colaboración coa Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, consideran oportuno reeditar esta acción formativa, en diversas cidades de Galicia.

Programa:

- A Lei 2/2010 de reforma da LOUGA: un lugar para o encontro
- Principios e bases da reforma operada pola Lei 2/2010
- Innovacións en materia de planeamento e avaliación ambiental
- O estatuto xurídico do solo rústico e do solo do núcleo rural trala Lei 2/2010
- A reposición da legalidade urbanística na Lei 2/2010

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Lugar e data:

A Coruña: 26 de maio

Lugo: 2 de xuño

Ourense: 9 de xuño

Pontevedra: 16 de xuño

Vigo: 23 de xuño

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

XORNADAS MONOGRÁFICAS DE PROTOCOLO. PU10023

Descrición:

España dispón desde o 4 de agosto de 1983 dun Real Decreto sobre Ordenación Xeral de Precedencias sobre o que os profesionais da organización mantemos posturas atopadas sobre a súa posible validación actual ou a súa posible actualización. Para uns esta norma, válida obviamente no seu momento, expón hoxe numerosos problemas de aplicación por canto que non contempla a nova realidade política española, desenvolvida desde o ano 1983. Desde entón consolidáronse as comunidades autónomas onde proliferaron numerosos cargos que contan hoxe cun peso específico relevante e que en cambio non teñen cabida no noso ordenamento oficial.

A falta de actualización desta norma que por exemplo contempla aos cónsules e en cambio ignora aos deputados autonómicos por citar un caso sinxelo, propiciou que en España moitos gobernos autonómicos establecesen por decreto precedencias propias para os cargos que exercen nas súas comunidades e que non foron realizados en consonancia co espírito do Real Decreto, polo que orixinan problemas na súa aplicación, cando non apuntan contradicións que provocan enfrontamentos institucionais.

Foi unha constante que en moitos dos congresos e encontros este tema saíse ao escenario dos debates, pero en moi poucas ocasións co tempo necesario, nin a preparación adecuada. Por outra banda, desde Protocolo do Estado fixéronse en numerosos congresos numerosas referencias á necesidade de actualizar o documento, pero no momento político óptimo.

Por unhas e por outras razóns, o Real Decreto vai camiño dos 30 anos de existencia. Quedouse só como un documento de referencia, pois na España real, nin as máis altas institucións poden cumprir cos preceptos que estipulan esta normativa. Nunha situación así é necesario que polo menos se abra un serio debate que poida achegar unhas conclusións prácticas que poidan axudar en dúas fronteas:

1. Trasladar á Administración o conxunto das reflexións que poidan realizarse, no ánimo de contribuír a un mellor estudo da cuestión.
2. Unificar criterios entre os profesionais sobre a interpretación actualizada que pode facerse das precedencias en España, en base ao Real Decreto 2099/83 e outros posteriores que o modifican e a existencia de representantes tanto institucionais como da sociedade civil que contan cun peso específico relevante e que se entende deban ser tidas en conta.

Programa:

Xoves, 9 de setembro de 2010

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

09.00 h. Inauguración das Xornadas.

09.30 h.. Conferencia inaugural.

10.00 h.. Debate 1. A presidencia dos eventos e mecanismos de cesión. Criterios para ceder a presidencia. A representación das autoridades.

11.30 h. Descanso

12.00 h. Debate 2. A distinción entre actos de carácter xeral e actos de carácter especial. Normativa que ten que aplicarse nos de carácter especial. A aplicación do artigo 10 nas comunidades autónomas. A inserción das autoridades autonómicas se o artigo 10 fose de aplicación máis alá da vila de Madrid.

16.00 h. Debate 3. Autoridades e personalidades que deberían incorporarse ás precedencias oficiais reguladas ou que deban desaparecer.

19.00 h. Fin da primeira xornada.

Venres, 10 de setembro de 2010

09.30 h. Debate 4. Análise das precedencias contempladas nos artigos 10 e 12 do Real Decreto.

12.00 h. Debate 5. Os decretos autonómicos e a súa armonización co nacional.

16.00 H. Debate 6. Os regulamentos de protocolo das entidades locais.

18.30 h. Exposición de conclusións.

18.45 h. Conferencia de clausura. "As precedencias internacionais e a súa asimilación en España".

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 9 e 10 de setembro

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

A MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA. PU10018

Descrición:

O obxectivo desta xornada sobre a modernización da Administración Autonómica de Galicia é servir de foro de reflexión, discusión e análise acerca dos retos que se lle presentan á Xunta de Galicia neste comezo de século, a fin de dar resposta axeitada ás demandas crecentes da sociedade á que debe prestar servizo.

As características cambiantes do entorno socio-económico, a existencia dunha forte crise económica, unha sociedade en constante evolución nas súas estruturas, o pulo das novas tecnoloxías e a globalización dos mercados e da información esixen unha nova relación entre os cidadáns e a Administración.

Nesta nova relación, conceptos tales como a transparencia na xestión, a austeridade, eficacia e control do gasto, a interoperabilidade, ou a accesibilidade forman unha parte moi importante do rol que ten que asumir a Xunta de Galicia, e esixirán de toda a súa organización (directivos e persoal) importantes esforzos de adaptación e a necesidade de afondar na súa formación nestas materias.

Programa:

- A formación como axente modernizador da Administración Pública
- O anteproxecto de lei de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico de Galicia
- O réxime económico orzamentario e de control
- A nova lei da Función Pública de Galicia: principios inspiradores
- A eficiencia na xestión pública: A avaliación de organismos dependentes da Xunta de Galicia
- O desenvolvemento da Administración Electrónica, un dereito dos cidadáns

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 29 de xuño

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

DEREITO SOCIAL E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. PU10025

Descrición:

Analizar en detalle todas as cuestións relativas á reforma da Seguridade Social e do Dereito do Traballo, así como á reestruturación da Administración Pública Central Autonómica, local e institucional no campo do emprego público, das relacións laborais, da Acción Social, Asistencia Social e Réximes complementarios da Seguridade Social. Avaliar as máis recentes reformas do Dereito Social.

Programa:

- Deberes dos empregados públicos no seu estatuto básico
- A mobilidade xeográfica e funcional do persoal laboral ao servizo das Administracións públicas
- Participación e representación dos empregados públicos
- A poligamia e os seus efectos no ordenamento xurídico español
- Mesa redonda sobre a reforma da seguridade social
- Dereitos dos cidadáns en relación coa actuación das administracións públicas.
- A readmisión obrigatoria do empregado público improcedentemente despedido
- Puntos críticos do mal chamado procedemento de oficio. Especial referencia aos procesos cualificatorios
- A igualdade de mulleres e homes na Administración pública: un estudo comparado dos dereitos español e alemán.
- Presentación do libro homenaxe a Manuel Peláez Nieto
- Disertación sobre unha Administración pública para unha administración pública para unha intervención social do século XXI
- Presentación da figura de Manuel Peláez como persoa, eminente xurista e letrado do Consello de estado. Letrado da seguridade social.
- Peche das xornadas. Lección maxistral. A reforma do réxime sanitario

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 24 e 25 de setembro

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

COMPETENCIAS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL NA APLICACIÓN DA LEI 3/2007, DO 9 DE ABRIL, DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA. PU10028

Descrición:

Expoñer o réxime xurídico en materia de prevención, defensa e extinción dos incendios forestais de Galicia de acordo coa normativa autonómica e estatal, determinando as persoas e entidades responsables da prevención, defensa e extinción dos mesmos.

Programa:

1. Inauguración.
2. Conferencia inaugural: "Normativa de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia".
3. Competencias e obrigas da Administración Local en materia de incendios forestais: especial referencia ao ámbito dos núcleos rurais.
4. Réxime sancionador na normativa autonómica sobre incendios forestais e a súa regulación no Código Penal.
5. Aspectos técnicos da prevención e extinción de incendios forestais.
6. Mesa redonda
7. Clausura.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 16 de decembro

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Xornadas

UNHA VISIÓN XURÍDICA DO CAMIÑO DE SANTIAGO. PU10008

Descrición:

Analizar a situación da normativa de protección dos Camiños na nosa Comunidade Autónoma e da súa necesaria reforma, analizará os problemas contenciosos e penais derivados do Camiño e estudaranse todos os problemas de xestión dende un punto de vista xurídico.

Programa:

- A normativa do Camiño de Santiago. A década dos 90 como período de revitalización xurídica do Camiño de Santiago.
- A protección do Camiño de Santiago e do peregrino ao longo da historia.
- A protección xurídica do Camiño de Santiago.
- A acción administrativa de fomento do Camiño de Santiago.
- Mesa Redonda: A problemática xurídica contenciosa vinculada ao Camiño de Santiago.
- A protección europea do Camiño de Santiago.
- Os delitos no Camiño de Santiago.
- A protección xurídica do peregrino.
- A Administración creada ao servizo do Camiño.
- A regulación do sector turístico en Galicia.
- Estudo do preciso desenvolvemento normativo para a protección do Camiño de Santiago.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 14, 15 e 16 de abril

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

COLABORACIÓN SECTOR PÚBLICO E PRIVADO EN MATERIA DE INFRAESTRUTURA. PU10003

Descrición:

Difundir as experiencias no ámbito nacional e internacional en materia de financiamento de infraestruturas e equipamentos coa participación e colaboración do sector privado.

Programa:

15 de febreiro

10.15- O financiamento de infraestruturas públicas. Modelo de colaboración entre o sector público e o privado.

12.15- A colaboración pública e privada nos ámbitos sectoriais.

16.30- Problemática da colaboración do sector público e privado.

18.00- Aspectos económico – financeiros da colaboración do sector público e privado.

16 de febreiro

09.30- Financiamento privado de infraestruturas en España: pasado, presente e futuro.

10.30- O contrato de colaboración do sector público e privado na LCSP.

11.30- As experiencias da Comunidade de Madrid no financiamento público-privado de infraestruturas.

12.45- O financiamento público-privado das infraestruturas. Análise e un suposto específico: A autovía Segovia-Valladolid

13.30- Conferencia clausura.

Desenvolvemento:

Duración: 11 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 15 e 16 de febreiro

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

A DISCRECIONALIDADE NO EXERCICIO DAS POTESTADES DE PLANIFICACIÓN, XESTIÓN E DISCIPLINA URBANÍSTICA. PU10005

Descrición:

Coñecer o alcance das potestades de planeamento, de xestión e de disciplina urbanística, as súas limitacións e condicionamentos xurídicos.

Programa:

- O sistema urbanístico de Galicia. Principios básicos: Utilización racional do solo. Participación da comunidade nas plusvalías xeradas polo plan. Xusta distribución de beneficios e cargas. Participación cidadá.

- Os dereitos dos cidadáns en relación co territorio. O dereito a vivir nun medio adecuado para o desenvolvemento da persoa. O dereito ao acceso a unha vivenda digna. Os dereitos de participación e de información. A acción pública.

- A discrecionalidade no exercicio das potestades de planificación urbanística. Limitacións legais. Os mecanismos de control de legalidade e de calidade. Alcance da intervención da administración autonómica. Garantías dos cidadáns e dos propietarios do solo.

- A discrecionalidade no exercicio das potestades de xestión urbanística, execución do planeamento e disciplina urbanística. Limitacións legais. Os mecanismos de control de legalidade e de calidade. Garantías dos cidadáns e dos propietarios do solo.

- O estatuto xurídico da propiedade do solo. Facultades urbanísticas: apropiación do aproveitamento urbanístico. Deberes e cargas urbanísticas: cesión, urbanización e equidistribución. O papel do empresario promotor da actividade urbanística.

- O control xurisdiccional das potestades urbanísticas. Medidas preventivas. Execución de sentenzas.

- Os delitos urbanísticos. Outros delitos relacionados coa actividade urbanística.

- A corrupción urbanística. Apropiación indebida de aproveitamento urbanístico lucrativo. Consecuencias. Tipos de actuacións ilícitas

- A limitación da discrecionalidade no exercicio das potestades urbanísticas

Desenvolvemento:

Duración: 9 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 8 e 9 de marzo

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

COMO IMPULSAR UNHA ASOCIACIÓN EUROPEA PARA MELLORAR O USO DOS FONDOS DA UE. PU10015

Descrición:

Adquirir un profundo coñecemento sobre todos os instrumentos financeiros e xurídicos dispoñibles para a cooperación territorial, sobre as normas aplicables aos programas e proxectos conxuntos e sobre a forma de utilizar as mellores prácticas para evitar erros. O seminario tamén pretende construír unha auténtica rede de cooperación territorial entre os participantes e as institucións con vistas a futuros proxectos conxuntos e ao intercambio de experiencias prácticas.

Programa:

Luns 10 de maio

Cooperación territorial e asociación: Obxectivos, instrumentos e división xeográfica. Solución xurídica de cooperación.

09.30 Inauguración do seminario: introdución ao programa, obxectivos e metodoloxía

09.50 Presentación dos participantes para facilitar unha rede de contactos

10.10 O papel de EIPA-CER na cooperación territorial. A cooperación territorial no marco da acción exterior das rexións en Europa.

11.00 Introdución á política de cooperación territorial de la UE no período de programación 2007-2013: obxectivos e instrumentos

12.20 Avaliación e desenvolvemento de proxectos de cooperación territorial a teor da estratexia de Lisboa sobre crecemento e emprego: modelos, indicadores e boas prácticas

13.50 Debate

15.30 Estado actual de todos os programas de Cooperación Transfronteiriza do IEVA.

16.00 A experiencia Interreg - como instrumento de desenvolvemento rexional. Casos prácticos.

17.30 Debate

Martes 11 de maio

Cooperación territorial e asociación: Experiencias de municipios, rexións e países.

09.30 Introdución da segunda xornada

09.45 Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT): situación actual e perspectivas en Europa. Estudo de caso: a AECT en España.

11.45 Galicia -Norte de Portugal (GNP, AECT)

13.00 Debate

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

13.15 Aplicación práctica de diferentes fases dun proxecto Interreg.

15.30 Desenvolvemento urbano no marco de FEDER: Programa URBACT e INICIATIVA URBANA. Casos prácticos.

17.45 Debate

Mércores 12 de maio

09.30 Introdución da terceira xornada

09.45 Como desenvolver redes con éxito no marco de diferentes programas europeos?

11.45 Panel de expertos final:

I: Elementos clave para o desenvolvemento de asociacións de éxito na cooperación territorial.

II: Factores para o éxito da programación, xestión e implementación dos programas de cooperación territorial para unha maior absorción dos fondos da UE

13.45 Clausura

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 10, 11 e 12 de maio

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

COMO IMPULSAR UNHA ASOCIACIÓN EUROPEA PARA MELLORAR O USO DOS FONDOS DA UE. PU10015

Descrición:

Adquirir un profundo coñecemento sobre todos os instrumentos financeiros e xurídicos dispoñibles para a cooperación territorial, sobre as normas aplicables aos programas e proxectos conxuntos e sobre a forma de utilizar as mellores prácticas para evitar erros. O seminario tamén pretende construír unha auténtica rede de cooperación territorial entre os participantes e as institucións con vistas a futuros proxectos conxuntos e ao intercambio de experiencias prácticas.

Programa:

Luns 10 de maio

Cooperación territorial e asociación: Obxectivos, instrumentos e división xeográfica. Solución xurídica de cooperación.

09.30 Inauguración do seminario: introdución ao programa, obxectivos e metodoloxía

09.50 Presentación dos participantes para facilitar unha rede de contactos

10.10 O papel de EIPA-CER na cooperación territorial. A cooperación territorial no marco da acción exterior das rexións en Europa.

11.00 Introdución á política de cooperación territorial de la UE no período de programación 2007-2013: obxectivos e instrumentos

12.20 Avaliación e desenvolvemento de proxectos de cooperación territorial a teor da estratexia de Lisboa sobre crecemento e emprego: modelos, indicadores e boas prácticas

13.50 Debate

15.30 Estado actual de todos os programas de Cooperación Transfronteiriza do IEVA.

16.00 A experiencia Interreg - como instrumento de desenvolvemento rexional. Casos prácticos.

17.30 Debate

Martes 11 de maio

Cooperación territorial e asociación: Experiencias de municipios, rexións e países.

09.30 Introdución da segunda xornada

09.45 Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT): situación actual e perspectivas en Europa. Estudo de caso: a AECT en España.

11.45 Galicia -Norte de Portugal (GNP, AECT)

13.00 Debate

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

13.15 Aplicación práctica de diferentes fases dun proxecto Interreg.

15.30 Desenvolvemento urbano no marco de FEDER: Programa URBACT e INICIATIVA URBANA. Casos prácticos.

17.45 Debate

Mércores 12 de maio

09.30 Introdución da terceira xornada

09.45 Como desenvolver redes con éxito no marco de diferentes programas europeos?

11.45 Panel de expertos final:

I: Elementos clave para o desenvolvemento de asociacións de éxito na cooperación territorial.

II: Factores para o éxito da programación, xestión e implementación dos programas de cooperación territorial para unha maior absorción dos fondos da UE

13.45 Clausura

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 10, 11 e 12 de maio

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

COMO DESENVOLVER UNHA ESTRATEXIA DE PROXECTO CONVINCENTE PARA CONSEGUIR FONDOS DA UE. PU10016

Descrición:

Coñecer as axudas e programas da UE, as cales son, a través do principio de (co-) financiamento, unha gran fonte de recursos para os municipios e rexións europeas.

Programa:

Mércores, 9 de xuño

09.30 h Inauguración do seminario

09.45 h Introducción do programa, obxectivos e metodoloxía

I. Escenario: A estratexia de Lisboa/UE 2020 como marco global para o período 2007-2013

10.00 h O papel dos actores locais e rexionais para ofrecer crecemento sostible e mellores empregos: a súa relevancia, prioridades e os seus fondos

II. O marco dun proxecto: Prerrequisitos e pasos ex-ante

12.00 h O marco financeiro 2007-2013: programas e fondos da UE.

13.00 h Regras básicas, definicións e terminoloxías dos proxectos da UE: Convocatoria de propostas, aviso de licitación e de contrato, procedemento e criterios de selección, etc.

III. Desenvolvemento ascendente para escenarios dun proxecto rexional/local

16.00 h O funcionamento das asociacións internacionais rexionais/locais: Como participar neste proceso: Atopar un socio, crear un consorcio, acordos de asociación, metodoloxía, etc. - factores de éxito críticos.

17.00 h Ferramentas de avaliación e procesos para a selección do proxecto (ex-ante) e medir o seu nivel de eficacia (ex-ante, medio prazo e ex-post).

Xoves, 10 de xuño

IV. O manual da xestión do proxecto, unha vez que este sexa adxudicado

09.00 h Cooperación rexional: Unha oportunidade para o desenvolvemento rural.

10.00 h Ferramentas prácticas de xestión do ciclo do proxecto / Enfoque de marco lóxico: ferramentas analíticas e de planificación para a implementación do proxecto.

12.00 h Regras e mecanismos financeiros: facturación, revisión, auditoría, etc.

V. Boas ferramentas de soporte para a dirección axeitada do proxecto

13.00 h Fomentar os proxectos da UE (resultados) na rexión – medidas de visibilidade e como diseminar eficazmente o proxecto (os seus resultados) no territorio.

VI. Da teoría á práctica: Un exemplo real

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

13.45 h Taller: Introducción e división dos participantes en grupos de traballo.

16.00 h Taller: Discusión en grupos dunha idea de proxecto e desenvolvemento de esa mesma idea nunha petición de financiamento á UE.

Venres, 11 de xuño

09.30 h Panel final: Presentación dos resultados do taller por grupos (por un voceiro asignado) e simulación dun panel de avaliación europeo (análise e revisión por 3 avaliadores de 3 nacionalidades).

13.30 h Clausura

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 9, 10 e 11 de xuño

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Seminarios

SEMINARIO LUSO-GALAICO DE DEREITO LOCAL: DEREITO DO URBANISMO. PU10030

Descrición:

Afondar no estudo da rehabilitación urbana dentro do marco normativo de Galicia e Portugal. Comparar a rehabilitación urbana dos centros históricos en Galicia e Norte de Portugal, así como analizar os aspectos máis positivos e máis negativos do réxime xurídico da rehabilitación urbana. Mellorar a práctica da rehabilitación urbana e propoñer eventuais reformas nesta parcela do urbanismo.

Programa:

9.30 h Sesión de apertura

09.45 h a 11:00 h: A participación dos cidadáns no dereito do urbanismo

11.15 h a 13.00 h: Rehabilitación urbana dos centros históricos

15.00 h a 17.00 h: Controis administrativos no dereito do urbanismo

17.30 h Clausura

Desenvolvemento:

Duración: 9 horas

Lugar e data:

Monçao: 18 de xuño

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Conferencias

CONFERENCIA DE TERRY CALVANI: SANCIÓN POR CÁRTEL: ELEMENTO DISUASORIO OU CANON POR INFRINXIR. PU10020

Descrición:

Sancións por cártel: elemento disuasorio ou canon por infrinxir.

Desenvolvemento:

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 18 de marzo

XORNADAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Conferencias

CONFERENCIA DE JOSEPH WEILER: VALORES E VIRTUDES DA INTEGRACIÓN EUROPEA: O QUE PODEMOS APRENDER DE ARISTÓTELES, AQUINO E MAIMÓNIDES. PU10019

Descrición:

Valores e virtudes da integración europea; o que podemos aprender de Aristóteles, Aquino e Maimónides.

Desenvolvemento:

Lugar e data:

Santiago de Compostela: 6 de maio

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

Cursos superiores

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. PU10006

Descrición:

Afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da administración electrónica, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade. Os contidos do programa enfocarán desde distintas perspectivas a administración electrónica para que os/as destinatarios/as adquiran ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da Informática e do Dereito completando a súa formación no Dereito da Informática.

Programa:

Módulo I. Fundamentos de tecnoloxías e sistemas de información.

Módulo II. Informática e dereito.

Módulo III. Seguridade informática.

Módulo IV. Administración electrónica.

Desenvolvemento:

Duración: 114 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: do 26 de febreiro ao 15 de xullo

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

Cursos superiores

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. 2ª EDICIÓN. PU10014

Descrición:

Afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da administración electrónica, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade. Os contidos do programa enfocarán desde distintas perspectivas a administración electrónica para que os/as destinatarios/as adquiran ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da Informática e do Dereito completando a súa formación no Dereito da Informática.

Programa:

Módulo I. Fundamentos de tecnoloxías e sistemas de información.

Módulo II. Informática e dereito.

Módulo III. Seguridade informática.

Módulo IV. Administración electrónica.

Desenvolvemento:

Duración: 114 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: do 24 de maio ao 29 de novembro

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

Cursos superiores

TÉCNICO DE URBANISMO. PU10013

Descrición:

Pretende que o alumnado adquira os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que os capaciten para traballar no mundo do urbanismo e responsabilizarse dos procesos de xestión do solo. O estudo do urbanismo farase partindo da normativa urbanística española estatal, facendo referencia á normativa autonómica. Combina o estudo dos fundamentos teóricos cunha completa formación práctica que no ámbito urbanístico é variada e complexa.

Programa:

Módulo I. Marco institucional do urbanismo en Galicia. Estatuto xurídico da propiedade urbana.

Módulo II. Planeamento territorial e urbanístico.

Módulo III. Execución do planeamento.

Módulo IV. Intervención administrativa na edificación e uso do solo.

Módulo V. As actuacións urbanísticas e o rexistro da propiedade.

Módulo VI. A vivenda.

Módulo VII. Obradoiro de planeamento.

Desenvolvemento:

Duración: 244 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: do 20 de maio de 2010 ao 23 de febreiro de 2011

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

Cursos superiores

CURSO DE MARCAS. PU10009

Descrición:

Revisar os aspectos principais do réxime xurídico da Lei 17/2001, de 7 de decembro, de Marcas e a normativa de desenvolvemento.

Programa:

- A importancia da marca na empresa
- A elección e protección das marcas en España
- Concepto e clases de marcas
- A marca comunitaria
- As marcas internacionais
- As marcas-envase
- As marcas xeográficas
- O risco de confusión nas marcas
- As marcas notorias e renomeadas
- A Xurisprudencia recente en materia de las marcas
- O uso obrigatorio da marca
- As accións para defender as marcas
- A defensa asociativa da marca: ANDEMA
- O procedemento xudicial sobre marcas
- A marca de garantía GALICIA CALIDADE
- O nome comercial
- As marcas e os nomes de dominio
- O axente de propiedade industrial y las marcas
- A Oficina Española de Patentes e Marcas
- As facultades da Xunta de Galicia en materia de rexistro de marcas: o SEGAPI
- Galicia e os signos distintivos

Desenvolvemento:

Duración: 32 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: do 19 de abril ao 11 de maio

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

Cursos superiores

CURSO DE OBTENCIÓN DO DIPLOMA DE DIRECTIVO DA XUNTA DE GALICIA. PU10002

Descrición:

Introducir os empregados públicos con responsabilidades directivas e semidirectivas nas técnicas de xestión e de habilidades necesarias para liderar equipos de traballo de alta dirección pública, desenvolvendo competencias directivas e semidirectivas innovadoras (análise, interpretación, participación, proxecto, grupo de traballo e marketing interno).

2.- Facilitar espazos de aprendizaxe e de intercambio global de experiencias entre os participantes nos cursos, e entre estes e outros grupos directivos da Administración autonómica, da Administración xeral do Estado, e das Administracións locais, cos que colaboren en proxectos intergubernamentais.

3.- Resolver problemas estratéxicos de cada participante, orientando a aprendizaxe cara á innovación organizativa e a gobernanza multinivel na que están inseridas as diferentes organizacións públicas que compoñen a Xunta de Galicia.

4.- Procurar unha cultura mixta de acción pública baseada no entendemento entre as diferentes administracións públicas (autonómica, local e universitaria) e que non sexa allea ás iniciativas da sociedade civil que comparten actitudes privadas e públicas.

Programa:

- Dirección e xestión pública
- Análise e avaliación de políticas públicas
- Xestión de proxectos en organizacións públicas
- Organización e planificación estratéxica pública
- Marketing en entidades públicas
- A xestión pública e a calidade nas organizacións públicas
- Os sistemas de información na Administración pública.

Desenvolvemento:

Duración: 150 horas

Lugar e data:

Santiago de Compostela: do 10 de marzo ao 11 de xuño

Santiago de Compostela: do 11 de marzo ao 11 de xuño

Santiago de Compostela: do 19 de setembro ao 3 de decembro

PUBLICACIONES PERIÓDICAS

REVISTA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (REGAP) - Nº 40

Índice

1. ESTUDOS E NOTAS

- RODRÍGUEZ-ARANA, Jaime. O dereito fundamental á boa administración na Constitución española e na Unión Europea.
- UZAL TRESANDÍ, José Norberto. A volta das áreas metropolitanas.
- VERCHER NOGUERA, Antonio. Os efectos das políticas urbanísticas sobre o territorio e o medio ambiente. As accións da fiscalía de medio ambiente e urbanismo ao respecto.
- METRO, Antonino. L'esperenza giuridica romana ed il diritto pubblico moderno.
- BÉJAR RIVERA, José Luis. Os procedementos contencioso-administrativos francés e mexicano: unha análise comparativa.
- SANTIAGO IGLESIAS, Diana. Un modelo de colaboración público-privada institucionalizada na xestión dos servizos públicos locais: as sociedades de economía mixta.

2. COMENTARIOS E CRÓNICAS

- CARNERO GARCÍA, Jesús Julio. O financiamento público-privado das infraestruturas. Análise dun suposto específico: a autovía Segovia-Valladolid.
- SARMIENTO MÉNDEZ, Xosé Antón. Primeiro ano de actividade do Parlamento de Galicia na VIII Lexislatura.
- COMINGES CÁCERES, Francisco de. Xurisprudencia contencioso-administrativa (ano xudicial 2009-2010).

ADMINISTRACIÓN & CIDADANÍA—VOL 5 Nº 1

Índice

- SARMIENTO MÉNDEZ, X. A. (Universidade de Vigo), «Dereito constitucional e elaboración das leis en España».
- ALONSO SANZ, I. (Universidade do País Vasco), «Factores económicos, institucionais e políticos do gasto público vasco (1981-2008)».
- VAQUERO GARCÍA, A. (Universidade de Vigo), «Os novos retos no mercado de traballo ante o envellecemento poboacional en Galicia».
- CALVO BABÍO, N. (Universidade da Coruña) e M. Bastida Domínguez (Universidade de Santiago de Compostela), «Análise do “teito de cristal” na Administración pública española. Unha aproximación desde a dinámica de sistemas».
- GONZÁLEZ-ARES FERNÁNDEZ, J. A. (Universidade de Vigo), «O Valedor do Pobo: consideracións xerais sobre a institución».
- GARCÍA LÓPEZ, T. (Universidade Veracruzana, México), «Bases para a utilización de instrumentos de mercado en política ambiental».

PUBLICACIONES

Administración & ciudadanía

ADMINISTRACIÓN & CIDADANÍA—

Índice

- VARA ARRIBAS, G. (Instituto Europeo de Administración Pública, EIPA - Barcelona), «A Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT): unha ferramenta para a gobernanza multinivel en proceso de revisión».
- MURILLO GOROZARRI, GONZÁLEZ MEDINA e FENTANES FORTES (Unidade de Investigación, Avaliación e Calidade, Escola Galega de Administración Pública, EGAP), «Imaxe e confianza nos funcionarios: valoracións dos cidadáns galegos».
- FERREIRO SEOANE, F. J. (Universidade de Santiago de Compostela) e VAQUERO GARCÍA, A. (Universidade de Vigo), «Análise económica do litoral galego: situación actual e perspectivas futuras».
- GARCÍA CALDERÓN, C. (Universidade Nacional Autónoma de México, UNAM) «O desprazamento da comunicación polas tecnoloxías da inmediatez: o caso de México».
- GONZÁLEZ MEDINA, M. (Unidade de Investigación, Avaliación e Calidade, Escola Galega de Administración Pública, EGAP), «Dimensións para a análise dos procesos urbanos nun contexto 'posmetropolitano'».
- ALEJO JAIME, A. (Universidade de Santiago de Compostela), «Organizacións indíxenas e globalización nas Américas: o caso da Organización de Nacións e Pobos Indíxenas en Arxentina».

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN

CURSO DE FORMACIÓN PARA A CUALIFICACIÓN ESPECÍFICA DO PERSOAL DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA. CV10001

Obxectivos:

Afondar no coñecemento das políticas activas de emprego desenvolvidas polo Servizo público de emprego de Galicia e dotar ao seu persoal dunha formación específica que lle facilite a competencia e capacitación necesarias para o posterior desempeño da súa actividade profesional. Mellora da formación destes traballadores co obxecto de mellorar a atención ao cidadán e de xestionar con maior eficacia as tarefas encomendadas, na procura de promover a xeración de emprego na nosa comunidade Autónoma.

Destinatarios:

Persoal dos grupos A1, A2, C1 e C2.I,II,III e IV da Xunta de Galicia, especialmente persoal da Consellería de Traballo e Benestar.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 4

Lugares e datas:

T01: do 20 de outubro ao 20 de decembro

T02: do 20 de outubro ao 20 de decembro

T03: do 18 de xaneiro ao 18 de marzo

T04: do 18 de xaneiro ao 18 de marzo

Prazas: 75 en cada edición

Contido básico:

Comprender o contorno do servizo Público de Emprego de Galicia, as ocupacións, os incentivos de fomento do emprego e autoemprego, demandantes de emprego, empresarios, a información ao cidadán, así como aquelas outras materia que sexan competencia do ámbito laboral de Galicia.

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN

CURSO DE FORMACIÓN DE INSPECTORES URBANÍSTICOS. CV10002

Obxectivos:

Formar aos inspectores urbanísticos para mellorar a prestación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Destinatarios:

Inspectores urbanísticos, secretarios dos municipios integrados na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, e funcionarios dos municipios integrados na Axencia, dos grupos A1 e A2, que desenvolvan funcións como instrutores de expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionadores.

Desenvolvemento:

Duración: 40 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 20 de setembro ao 26 de outubro

Prazas: 50

Contido básico:

- Módulo I. Evolución normativa do urbanismo. O sistema urbanístico estatal e galego.
- Módulo II. A disciplina urbanística.
- Módulo III. A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN

A FUNCIÓN DE CONTROL DA ADMINISTRACIÓN CONSULTIVA: O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA. CV10003

Obxectivos:

Constituír unha canle de comunicación da doutrina sentada polo Consello Consultivo nas materias obxecto da súa competencia.

Destinatarios:

